

Informe sobre os indicadores de actividade e de VEB do sector servizos


Datos correspondentes a xuño de 2025

Data de publicación: 14/08/2025

Principais resultados

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra un crecemento interanual do 3,6% no mes de xuño.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,4%.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1,4% en Galicia e un 1,5% en España.

Indicador de actividade do sector servizos. Cifra de negocios.
Taxa de variación interanual (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

En xuño, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento interanual do 3,6%. Esta taxa é 1,6 puntos superior á rexistrada no mes de maio. En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,4%, taxa superior en 3,3 puntos á do mes de maio.

A facturación en "Comercio" aumenta o 4,6% e en "Outros servizos" o 1,3%. En España a facturación aumenta o 6,6% en "Comercio" e o 6% en "Outros servizos".

Índices de cifra de negocios. Xuño 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	132,7	3,6	3,7
Comercio	132,7	4,6	3,1
Venta e reparación de vehículos de motor	150,1	-3,6	-3,9
Comercio por xunto	133,1	5,5	4,3
Comercio ao retallo	125,5	5,4	2,8
Outros servizos	133,0	1,3	5,3
Transporte	128,7	-4,9	3,1
Hostalería	176,8	4,1	6,4
Información e comunicacións	131,4	0,2	-0,3
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	119,5	3,5	12,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	132,1	10,9	10,7
España			
Xeral	135,1	6,4	4,5
Comercio	129,9	6,6	4,3
Venta e reparación de vehículos de motor	156,5	11,9	6,1
Comercio por xunto	123,0	5,6	4,1
Comercio ao retallo	136,2	6,6	3,9
Outros servizos	144,8	6,0	4,8
Transporte	139,6	6,5	4,9
Hostalería	191,9	5,8	4,9
Información e comunicacións	126,5	4,7	2,9
Actividades inmobiliarias	132,2	9,3	9,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	135,6	6,9	4,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	171,5	4,7	4,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Nas actividades comerciais, diminúe a cifra de negocios de "Venta e reparación de vehículos de motor" (-3,6%) mentres que aumenta en "Comercio por xunto" (5,5%) e "Comercio ao retalho" (5,4%). A nivel nacional, aumenta a cifra de negocios nos tres sectores: en "Venta e reparación de vehículos de motor" o 11,9%, en "Comercio por xunto" o 5,6% e en "Comercio ao retalho" o 6,6%.

En "Outros servizos", o maior crecemento rexístrase en "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (10,9%) e a maior baixada en "Transporte" (-4,9%). En España, os maiores incrementos prodúcense en "Actividades inmobiliarias" (9,3%).


1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 2,8% en xuño.

Os sectores con maiores incrementos son "Actividades administrativas e servizos auxiliares" (8%) e "Hostalería" (4,3%). O "Transporte" (-3%) é o sector onde se rexistra a maior baixada.

1.3 Datos corrixidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,2% respecto ao mes de xuño do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 1,7%.




Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de xuño respecto ao mesmo mes de 2024. Illas Baleares (9,2%), Canarias (8,9%) e País Vasco (8,8%) rexistran os maiores incrementos da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Extremadura e Galicia (ambas as dúas 3,6%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,4% respecto a xuño de 2024 e un 1,5% en España.

O persoal ocupado crece un 1,4% tanto no "Comercio" coma en "Outros servizos". O sector con maior incremento é "Transporte" (6%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,7% en "Comercio" e un 1,4% en "Outros servizos". Os maiores crecementos rexístranse en "Venta e reparación de vehículos de motor" e "Comercio ao retalho" (ambos os dous 2,1%).

Indicador de actividade do sector servizos. Persoal ocupado.
Taxa de variación interanual (%)




Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en todas as comunidades autónomas no mes de xuño. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Navarra (3,4%) e Illas Baleares (2,9%).

Índices de persoal ocupado. Xuño 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE. Indicadores de actividad del sector servicios

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.